



## **A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA DIANTE DA SUSPENSIÓN DA CERTIFICACIÓN DO FSC A NORFOR**

A empresa certificadora SGS, responsable da certificación da xestión forestal sostible de NORFOR, ven de suspender o certificado baixo os principios do FSC (Forest Stewardship Council) á filial forestal de ENCE, NORFOR; a suspensión é o resultado dun proceso de reclamación que se iniciou pouco despois da concesión do selo, unha concesión rexeitada polo conxunto do movemento ecoloxista e de moitos grupos sociais relacionados coa xestión forestal.

A certificación do FSC foi concedida por SGS, unha multinacional da certificación radicada en Sudáfrica, en outubro de 2004 e pouco despois Greenpeace e a Asociación Pola Defensa da Ría, presentaron reclamacións formais ao certificado concedido que foron apoiadas polas organizacións do movemento ecoloxista galego. As reclamacións, fundamentadas en evidencias da mala xestión realizada por NORFOR, mantivéronse ao longo destes anos nos que se foron aportando máis e máis probas da destrutiva actividade de NORFOR que estaba a provocar graves problemas de degradación dos solos, de erosión, de perda de biodiversidade, de aumento do risco de incendios forestais, de perda de recursos forestais pola agresiva utilización de pesticidas e herbicidas, de perda de valor económico da madeira pola súa política de derrube dos prezos e de degradación e empobrecemento da paisaxe rural polos monocultivos.

Diante dos abraiantes argumentos e da insistencia das queixas, no ano 2007, o FSC realizou unha auditoría a SGS para comprobar a adecuación da certificación da xestión forestal de NORFOR e emitiu un informe no que se aseguraba que existían deficiencias graves no proceso de certificación e que esta nunca se debería ter concedido. O recente abandono do apoio ao FSC dos grupos galegos que seguían a formar parte do sistema, ADEGA e VERDEGAIA, puxo en evidencia o total rexeitamento do certificado que NORFOR tiña recibido. Diante desta situación de oposición xeral, e demostrado o carácter fraudulento do certificado, SGS retírallo a NORFOR.

Na APDR consideramos que suspensión do certificado a NORFOR pon en evidencia que o monocultivo de eucalipto que a empresa practica é unha actividade claramente insostible ambiental, social e economicamente e que o modelo económico de ENCE está a provocar graves danos na economía forestal de Galicia no seu conxunto provocando a perda de recursos onde se instalan as parcelas e a degradación ambiental irreversible dos solos e a perda de biodiversidade. A actividade de NORFOR ven sendo rexeitada ademais dende sectores dedicados á obtención e xestión de recursos nas zonas rurais que se ven prexudicados pola actividade da empresa; a apicultura, a micoloxía, a caza e a pesca ou a gandería son sectores que ven perder recursos pola mala xestión das parcelas de eucalipto e polo uso masivo de agrotóxicos nas mesmas. Os propios produtores de madeira teñen criticado a política de derrube de prezos imposta por ENCE que ten feito que o conxunto da produción de eucalipto deixe de ser rendible. ENCE non solo contamina as augas da Ría de Pontevedra, tamén acaba cos recursos dos montes, favorece a destrución dos solos, a perda de diversidade biolóxica e a propagación dos incendios forestais.

Xa que a suspensión do certificado leva emparellada a prohibición da utilización da etiqueta FSC, a Asociación Pola Defensa da Ría esixirá agora a SGS, a NORFOR e a FSC que se proceda á retirada do mercado de calquera produto fabricado a partir da madeira indebidamente certificada procedente das parcelas de NORFOR. Ningún destes produtos pode comercializarse coa etiqueta FSC e a súa venda con ela sería un fraude. A APDR



solicitará os datos de volumes, destinos e datas de envío da pasta indebidamente certificada para seguir o camiño da madeira e facer o posible por evitar este engano aos consumidores.

A APDR ten tido coñecemento ao longo destes anos de reclamación de multitude de casos de certificacións indebidas en todo o mundo; o fraude que se mantíña no caso de NORFOR segue a ser un feito en multitude de certificados que persisten en todo o mundo a pesar das denuncias de grupos de defensa do medio ambiente e dos dereitos humanos. A extensión dos monocultivos está a provocar graves problemas sociais e económicos no mundo; a ocupación de terreos dedicados á produción de alimentos en países que non teñen garantida a dieta básica, a ocupación de territorios propiedade de culturas indíxenas e a destrución ambiental por parte de empresas forestais con selo FSC é un feito, como o é que se desoian de forma sistemática aos grupos locais que denuncian os atropelos das multinacionais da pasta do papel. Na APDR manteremos a nosa solidariedade con estes grupos e seguiremos a denunciar e a esixir que FSC deixe de certificar monocultivos que pola súa propia natureza son claramente insostibles ambiental, social e economicamente.

Pontevedra, 21 de xuño de 2008.

Pola Asociación Pola Defensa da Ría, Benito Andrade



**APDR**

Asociación pola defensa da Ría